

**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTÉ XC 11-2020). FINANCIAMENTO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA PARA A "MELLORA DA ESCOLA VELLA DE UCERIA-PARROQUIA DE POUTOMILLOS-LUGO".**

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 14.999,96 €, en base á Resolución da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, de data 26/08/2020, pola que se lle concede ó Excmo. Concello de Lugo unha subvención para a mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo, por importe total de 14.999,96 €, propúxose a tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Resolución da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, de data 26/08/2020 para a mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo.

-Proposta da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, de data 18/09/2020 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2020/725 do 22/09/2020

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia.- S1511001H

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
75080	20XX00037	Mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo	14.999,96 €

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6988929366023161847.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 11-2020

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
45910.63200	20XX00037	Mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo	14.999,96 €

A tal efecto e tendo en conta que o recurso proposto para financiar a presente modificación orzamentaria é o compromiso firme de aportación da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (S1511001H) que obra no expediente, de data 26/08/2020 por importe de 14.999,96 € (Código de proxecto 20XX00037)

Tendo en conta igualmente que o actual expediente de Modificación de créditos aparece nivelado no seus Estados de Gastos e Ingresos, conforme queda indicado, visto Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2020/725 do 22/09/2020.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 11-2020), introducíndose nos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia.-  
S1511001H

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
75080	20XX00037	Mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo	14.999,96 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
45910.63200	20XX00037	Mellora da Escola Vella de Uceria-Parroquia de Poutomillos-Lugo	14.999,96 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.